

O PSdeG DE LÁNCARA SUPRIMIRÁ A OBRIGATORIEDADE DE TER VADO NA POBRA DE SAN XIAO SE GOBERNA

O candidato á alcaldía -Darío Piñeiro- está convencido de que este servizo somentes ten afán recadatorio e lembrou que “os socialistas sempre sostivemos dende o primeiro momento que ninguén pode impoñer nada”

Adiantan que tamén deixarán sen efecto a ordenanza municipal e elaborarán unha nova na que os veciños sexan os que decidan se queren gozar voluntariamente deste servizo

Láncara, 15 de maio de 2015.- O PSdeG-PSOE de Láncara suprimirá a obrigatoriedade de ter vado na Pobra de San Xiao se goberna. Así o anunciou esta mañá o candidato socialista á alcaldía -Darío Piñeiro-, quen está convencido de que este servizo somentes ten afán recadatorio. “Os socialistas sempre sostivemos dende o primeiro momento que ninguén pode impoñer nada”, sinalou Piñeiro.

O alcaldable tamén adiantou que, se acada a confianza dos veciños o 24 de maio, deixará sen efecto a ordenanza municipal e elaborará unha nova na que os veciños sexan os que decidan se queren gozar voluntariamente desta prestación. “É un servizo inxusto, que non arranxa nada e crea problemas, sen contar as queixas veciñais contra esta medida”. Neste senso Piñeiro lembrou as “numerosas alegacións presentadas polos lancarese en contra non nó do propio vado, senón do contido ambiguo das notificacións enviadas no seu momento por Capón”.

